

Cifras de poboación

Resumo de resultados 15/01/2025

ÍNDICE

Información para Galicia e provincias segundo o grao de urbanización	1
Información para Galicia segundo o subgrao de urbanización	3
Definicións, fontes e máis información	3

ZDP: Zona densamente poboada; **ZIP:** Zona intermedia; **ZPP:** Zona pouco poboada

Información para Galicia e provincias segundo o grao de urbanización


Poboación segundo grao de urbanización. Información para Galicia e provincias

No período 2001-2024 a poboación galega aumentou na zona densamente poboada (ZDP) e na intermedia (ZIP) e diminuíu na zona pouco poboada (ZPP). A poboación da zona intermedia experimentou nese período un crecemento do 12,1 %, notablemente maior que na ZDP que só acadou o 4,2 %. Por provincias, o comportamento non é similar se ben hai algún trazo común a todas elas, como é a significativa perda de poboación no período 2001-2024 na ZPP e, de xeito especial, nas provincias da Coruña, Lugo e Ourense.


No ano 2024 a poboación das provincias da Coruña e Pontevedra incrementouse con respecto á do ano 2001 un 3,0 % e un 4,9 % respectivamente. Pola contra, a poboación das provincias de Lugo e Ourense diminuíu con respecto á do ano 2001. En termos absolutos, no período 2001-2024, Galicia experimentou unha aumento na súa poboación cifrada en 9.953 habitantes; A Coruña e Pontevedra gañaron 76.532 habitantes e Lugo e Ourense perderon 66.579 habitantes.

	Galicia	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra
2001					
Total	2.695.880	1.096.027	357.648	338.446	903.759
ZDP	955.569	404.517	88.414	107.510	355.128
ZIP	898.622	374.059	83.303	54.684	386.576
ZPP	841.689	317.451	185.931	176.252	162.055
2024					
Total	2.705.833	1.128.449	325.048	304.467	947.869
ZDP	995.823	413.104	99.365	104.725	378.629
ZIP	1.007.295	436.548	85.225	61.932	423.590
ZPP	702.715	278.797	140.458	137.810	145.650


**Poboación segundo o grao de urbanización.
A Coruña. Anos 2001 e 2024**




**Poboación segundo o grao de urbanización.
Lugo. Anos 2001 e 2024**



**Poboación segundo o grao de urbanización.
Ourense. Anos 2001 e 2024**



**Poboación segundo o grao de urbanización.
Pontevedra. Anos 2001 e 2024**



Información para Galicia segundo o subgrao de urbanización


Poboación segundo o subgrao de urbanización. Galicia

No ano 2024 o 74,0 % da poboación galega reside na ZDP (36,8 %) e nas dúas subzonas intermedias, ZIP alta (28,7 %) e ZIP baixa (8,5 %). Con respecto ao ano 2001, a porcentaxe de poboación que acumulan estas tres subzonas incrementouse en 5,2 puntos. Por outra parte a ZPP baixa, que no ano 2024 conta co 13,9 % da poboación galega, experimentou con respecto ao ano 2001 unha diminución de 4,6 puntos no peso da súa poboación sobre o total de Galicia.

Os datos da evolución da poboación nas seis subzonas de urbanización de Galicia no período 2001-2024 reflicten, por un lado, un incremento significativo de poboación da ZIP alta e, por outro lado, unha perda de poboación da ZPP intermedia e baixa. Así, no 2024 a poboación da ZIP alta creceu un 14,2 % con respecto á do ano 2001; pola contra, a ZPP intermedia diminuíu a súa poboación nun 15,6 % e a ZPP baixa nun 24,7 %.

	2001	2011	2021	2024
Total	2.695.880	2.772.927	2.698.177	2.705.833
ZDP	955.569	995.424	988.250	995.823
ZIP alta	679.956	766.313	770.348	776.606
ZIP baixa	218.666	232.934	229.489	230.689
ZPP alta	197.368	206.587	202.641	204.278
ZPP intermedia	144.930	134.844	123.319	122.316
ZPP baixa	499.391	436.825	384.130	376.121

Poboación segundo o subgrao de urbanización. Galicia



Definicións, fontes e máis información

Descarga de datos

- [Serie histórica do censo de poboación segundo o grao de urbanización](#) (Información para Galicia e provincias desde o ano 1991)
- [Serie histórica do censo de poboación segundo o subgrao de urbanización](#) (Información para Galicia e provincias desde o ano 1991)

Fontes de información

IGE. Elaboración propia a partir de: INE. Censos de poboación.